

ESTATUTOS DA “ASOCIACIÓN GALEGA DE KAIK DE MAR”

CAPITULO I DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO E FINS:

Artigo 1º.- 1.- Coa denominación “ASOCIACIÓN GALEGA DE KAIK DE MAR” constitúese unha asociación de natureza recreativa, cultural e deportiva sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2.- A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Santiago de Compostela rúa do Hórreo, nº 13-1º.

Artigo 3º.- A asociación exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4º.- 1.-A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos socios expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.- 1.- Son fins principais da asociación:

a.- A promoción da práctica do kaiak de mar recreativo, así como das técnicas de seguridade.

b.- O estudo e a investigación das técnicas de construción do kaiak de mar.

c.- O estudo e a investigación das técnicas de navegación e de seguridade no kaiak de mar recreativo.

d.- A formación na navegación recreativa en Kaiak de mar e nas técnicas de seguridade en Kaiak de mar.

e.- O recoñecemento de titulacións específicas que acrediten a capacitación na navegación recreativa de kaiak de mar.

f.- A defensa do contorno e o medio mariño.

2.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades:

a.- Promover a realización de cursos de formación relacionados co kaiak de mar e a cultura marítima

b.- Promover e facilitar a realización de concentracións e travesías polos seus socios

c.- A divulgación da navegación recreativa en kaiak de mar.

d.- A organización de xogos e competicións relacionadas co Kaiak de mar.

e.- As demais actividades necesarias para o cumprimento dos seus fins.

CAPÍTULO II DOS SOCIOS

Artigo 6º.

1- Poderán ser integrantes da asociación as persoas físicas, con plena capacidade de obrar e que teñan interese no desenrolo dos fins da Asociación.

3.-Os acordos de admisión de socios tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7º.- Dentro da asociación poderán existi-las seguintes clases de socios:

a) Numerarios, aquelas persoas que sexan admitidas como socios, con plenitude de dereitos e obrigas.

b) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Xunta Directiva, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8º.

1.-A condición de asociado pérdese:

a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.

b) Por falta de pago, durante un exercicio completo, das obrigas económicas establecidas polos órganos de goberno.

c) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

d) Por expulsión acordada pola Asemblea, a proposta da Xunta Directiva e previa audiencia do socio, a acordada nos casos e supostos que se

prevean no Regulamento de Réximen Interior previamente aprobado pola Asemblea.

2.-A expulsión de socios nos suposto do apartado b) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado, e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9º.- 1.-Os socios teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar, nas condicións fixadas pola Xunta Directiva, nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación.
- b) Participar na Asemblea xeral, con voz e voto.
- c) Ser informado de todos os acordos da Xunta Directiva e das Comisións de traballo, así como da composición dos órganos de goberno, do seu estado de contas e do desenrolo da súa actividade.
- d) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado ó acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
- e) Impugna-los acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- f) Participar en todas as comisións o grupos de traballo que se constituyan
- g) Asistir a cualesquiera reunións de sus órganos de goberno o grupos de traballo.

2.- Os socios honorarios non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela. **Os socios honorarios** unicamente están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10º.- Son obrigas dos socios:

1. Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e da Xunta Directiva.
2. Paga-las cotas que se establezan.
3. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos da asociación son o Presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12º.

1.- O **Presidente** é o órgano de representación da asociación e será designado pola Asemblea Xeral entre os socios numerarios e o seu mandato durará dous anos, podendo ser reelixido por outros dos anos consecutivos, sen que poidan selo novamente hasta que medie outro mandato que dure alomenos un ano. Será asistido nas súas funcións por un Vicepresidente, que o substituirá nos casos de delegación, vacante, ausencia ou enfermidade ou calquera outra imposibilidade, e, nestes casos, terá as mesmas atribucións que aquél.

2.- O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Exercer a representación legal da asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidi-las sesións que celebre a Xunta Directiva; convocar e presidi-las sesións da Asemblea Xeral; dirixi-las deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- c) Executa-los acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
- e) Asina-las actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 13º.

1.- A **Xunta Directiva** estará formada polo presidente da asociación, un vicepresidente, un secretario-tesoureiro e tres vogais.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva teñen dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación

3.- Só será elixido pola Asemblea Xeral o cargo do presidente/a; o resto da xunta directiva será elixida polo propio presidente/a previa, si ben terá que ser presentada previamente á Asemblea Xeral, e durarán no seu posto ata o cese do presidente que os nomeou.

En caso de modificacións da Xunta Directiva, en pleno mandato do presidente, serán expostas e motivadas suficientemente na primeira Asemblea Xeral posible.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:

- a) falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) renuncia voluntaria.
- c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.

d) No caso do Presidente, polo acordo de cesamento adoptado por maioría absoluta da Asemblea Xeral e no caso do resto da Xunta Directiva, pola decisión de cese adoptada polo Presidente.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas polo Presidente.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixi-las actividades asociativas.
2. Leva-lo goberno e a xestión administrativa e económica da asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos dentro dos límites presupostaraos.
3. Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar a Asemblea Xeral cando non o faga o Presidente.
5. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os socios.
6. Designa-las comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos socios.
9. Propoñe-lo plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolve-los procedementos disciplinarios que se instrúan.
- 11.- A superior levanza dos libros de contabilidade, responsabilizándose de que reflectan a imaxe fiel do patrimonio da Asociación.
12. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

Artigo 15º.

1.- A Xunta Directiva se reunirá cantas veces o determine o seu Presidente ou a iniciativa ou petición de dous dos seus membros, e en todo caso unha vez cada tres meses.

2.- Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo

menos, da metade mais un dos seus membros e, en todo caso, do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

O secretario ou, no seu defecto, o vocal que o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 16º.- A Xunta Directiva constituirá as Comisión que considere convintes, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións os socios que así o soliciten.

Artigo 17º.- 1. O secretario-tesoureiro terá o seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as notificacións das convocatorias e as comunicacións dos acordos dos órganos de goberno. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais da Xunta Directiva a un que desenvolva esta función.

Artigo 18º.- 1. Así mesmo, o secretario-tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, e, baixo a supervisión e ulterior responsabilidade da Xunta Directiva, levará a contabilidade da asociación, de forma tal que reflicte a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, conforme as normas específicas que lles resulten de aplicación.

Artigo 19º.- A Asemblea Xeral de socios é o órgano supremo de goberno da asociación e estará formada por tódolos socios. O presidente e o secretario da asemblea serán o presidente e o secretario da Xunta Directiva.

Artigo 20º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 21º.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente no período que vai desde o mes de xaneiro ata o de marzo Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación.

A notificación da convocatoria farase no domicilio dos socios, sendo válida a realizada por Fax ou correo electrónico.

Artigo 22º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aproba-lo plan de actividades.
2. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
3. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Aprobación das cotas, tanto as periódicas ou ordinarias como as extraordinarias.

Artigo 23º.- Serán competencias da Asemblea Xeral, tanto Ordinaria como Extraordinaria:

1. Modifica-los estatutos da asociación.
2. Elixir e cesa-lo Presidente da Asociación. O cese do Presidente conleva o cese dos restantes membros da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da asociación.
6. Designa-los liquidadores.
7. Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
8. Aproba-lo regulamento de réxime interno da asociación.

Artigo 24º. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos socios na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 25º.- Os acordos adoptaranse por maioría simple dos socios presentes o representados cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

Será necesaria maioría cualificada das persoas presentes o representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade de estas, para:

- a) Nomeamento do Presidente
- b) Modificación dos Estatutos
- c) A constitución ou integración en una Federación de Asociacións.

Artigo 26º.- Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos/as socios/as, incluso ós/ás non asistentes.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 29º.- A asociación no momento da súa constitución carece de Fondo social e de patrimonio.

Artigo 30º.- O exercicio asociativo será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano. A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O presuposto será formulado pola Xunta Directiva antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 31º.- A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos socios.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para entidades non lucrativas.

Artigo 33º.- Anualmente, con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos socios, xunto coa convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 34º.- Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

Artigo 35º.- Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluída a prestación de servizos, deberán destinarse,

exclusivamente, ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu reparto entre os socios o seus cónxuxes ou parentes, ni a súa cesión gratuíta á persoas físicas, ou xurídicas con ánimo de lucro.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 36º.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección do Presidente, o cadro de sancións e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 37º.- A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos socios adoptado por maioría cualificada das persoas presentes o representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade de estas, en Asemblea Xeral convocada ao efecto.

Artigo 38º.- Acordada a disolución, á Xunta Directiva quedará convertida en órgano de Liquidación, a salvo que pola Asemblea Xeral se proceda a designación de outros liquidadores por maioría cualificada das persoas presentes o representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade de estas.

Artigo 39º.- Corresponde á Asemblea Xeral aprobar o balance da liquidación. Ó sobranse líquido da liquidación poderá ser obxecto de doazón á entidade ou entidades sen ánimo de lucro que determine a Asemblea Xeral, ou acordarse por esta destinalo á fins que non desvirtúen a natureza non lucrativa da asociación.

Artigo 40º.- En caso de insolvencia, ó órgano de representación ou, no seu caso, os liquidadores han de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xuíz competente.

DISPOSICIÓN FINAL.-

Primeira.- O Galego e a lingua propia da Asociación. As comunicacións e publicacións da Asociación faranse, cando menos, en galego.

Segunda.- En todo canto non este previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.
